

# Oferta de emprego para a selección de persoal

## 1. Obxecto da oferta de emprego e denominación dos postos convocados

O obxecto é regular o proceso de selección para o período marzo 2024 a decembro 2025 dos seguintes postos adscritos ao proxecto “LABORATORIO ECOSOCIAL DO BARBANZA” (en diante, o PROXECTO), describíndose o proxecto no Anexo I da presente oferta de emprego, así como as bases para o proceso de selección. As funcións dos diferentes postos ofertados son as seguintes:

**Gandeiro/a** (ficha a cubrir no Anexo II)

- Manexo de rabaño caprino;
- Mantemento de peches fixos;
- Instalación de peches móbiles;
- Roza e podas para instalación e mantemento dos peches;
- Control do censo da explotación;
- Movemento de animais;
- Marcaxe de animais;
- A realización de aquelas outras tarefas xeradas no desenvolvemento do PROXECTO e que sexan propias da súa competencia.

## 2. Requisitos xerais e requisitos mínimos

### Requisitos xerais

- Posuír a capacidade funcional así como a capacidade física para o desempeño das funcións que corresponda á praza convocada.
- Posuír un bo nivel de comprensión oral e escrita.
- Estar en condicións de incorporarse ao posto de traballo na data prevista nesta convocatoria (abril de 2024).
- Comprometerse activamente no axeitado desenvolvemento do proxecto.

### Requisitos mínimos

#### Gandeiro/a

- Titulación requirida: Ningunha.
- Experiencia relacionada co posto: Experiencia no manexo do ganado caprino.
- Outros coñecementos: Estar en posesión de carné de conducir clase B.

# Laboratorio Ecosocial do Barbanza

## 3. Características dos contratos a subscribir coas persoas seleccionadas

### Gandeiro/a

- Contrato de traballo: Temporal
- Categoría profesional: Peón gandeiro
- Xornada laboral: completa (40 horas, de luns a venres, en horario flexible en función das necesidades do PROXECTO)
- Duración: abril 2024 – decembro 2025
- Retribución bruta mensual: 1.700,00 euros, incluídas as prorratas das pagas extras.

### Gandeiro/a

- Contrato de traballo: Temporal
- Categoría profesional: Peón gandeiro
- Xornada laboral: media (20 horas, de luns a venres, en horario flexible en función das necesidades do PROXECTO)
- Duración: abril 2024 – decembro 2025
- Retribución bruta mensual: 850,00 euros, incluídas as prorratas das pagas extras.

## 4. Forma, lugar e prazo de presentación da documentación

Forma de presentación: vía correo electrónico

Lugar: no seguinte enderezo electrónico [info@barbanzaecosocial.org](mailto:info@barbanzaecosocial.org)

Prazo: 5 días hábiles a partir do día seguinte á publicación do anuncio na páxina web do Laboratorio Ecosocial do Barbanza (18/03/2024)

## 5. Lugar e data de presentación de exposición das relacións provisionais e definitivas das persoas admitidas e excluídas

Lugar de presentación: <https://barbanzaecosocial.org/contratacion/>

Data de presentación:

Lista provisional de persoas admitidas e excluídas: 25/03/2024

Lista definitiva de persoas admitidas e excluídas: 26/03/2024

## 6. Apoio

Estas contratacións son posibles grazas ao apoio de Fundación Biodiversidad do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico (MITECO) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU.

## Anexo I — Descrición do proxecto para o que se convocan as prazas e bases do proceso de selección

O obxecto desta oferta de emprego é a selección de persoal para o proxecto “Laboratorio Ecosocial do Barbanza, un laboratorio vivo para a xestión multifuncional e custodia colectiva do territorio”, que conta con apoio da Fundación Biodiversidade na *Convocatoria de subvenciones para apoio a proyectos transformadores para la promoción de la bioeconomía ligada al ámbito forestal y la contribución a la transición ecológica en el marco del plan de recuperación, transformación y resiliencia, financiado por la UNIÓN EUROPEA-NEXTGENERATIOEU para el ejercicio 2023*, onde a Plataforma para a Defensa do Monte se encarga do desenvolvemento da acción 2.

Ao procedemento selectivo seralle de aplicación o establecido polas presentes bases:

### 1. Presentación das solicitudes, aspirantes admitidos/as, presentación de documentación, procedementos selectivos e cualificación

1. A presentación das solicitudes e da documentación realizarase segundo o indicado na Oferta de Emprego publicada, enviándose a través do correo electrónico [info@barbanzaecosocial.org](mailto:info@barbanzaecosocial.org), no prazo indicado no apartado 4 desta oferta de emprego;
2. Admitiranse ao procedemento selectivo aqueles/as aspirantes que acrediten os requirimentos establecidos nestas bases, nos prazos e forma que lles sexa especificamente requirido.
3. O incumprimento dos requirimentos establecidos para a admisión, a falsidade documental e a non aportación da documentación acreditativa no prazo que se estableza suporá o decaemento de todos os dereitos que se puideran ter adquirido, sen prexuízo das responsabilidades que procedan.
4. A valoración do cumprimento de requisitos xerais e mínimos será realizado polo órgano de selección, que determinará a Lista provisional de persoas candidatas para a Fase 1 Entrevista persoal do proceso de selección. Esta lista provisional será pública en <https://barbanzaecosocial.org/contratacion/> o día 25 de abril de 2024, ao tempo que, as persoas candidatas recollidas nesa lista provisional, serán convocadas a través de correo electrónico.
5. No caso de que na lista provisional haxa persoas candidatas excluídas ao proceso de selección, habilítase un día hábil dende a publicación da citada lista provisional para que se formulen alegacións.
6. Rematado o prazo de alegacións, ou no caso de non haber persoas candidatas excluídas na lista provisional, elevarase a Lista definitiva de persoas candidatas para a Fase 1 Entrevista persoal, comunicándolle mediante correo electrónico a cada persoa candidata o lugar, data e hora para a realización da entrevista.

# Laboratorio Ecosocial do Barbanza

## 2. Sistema de selección de participantes

- a. Sistema de selección constará de dúas fases:
  1. Entrevista persoal e;
  2. Avaliación obxectiva (avaliando as circunstancias persoais e profesionais das persoas candidatas).
- b. **Fase 1 Entrevista persoal:** consistirá na celebración dunha entrevista persoal por parte do órgano de selección, co obxecto de avaliar coñecementos, capacidades, habilidades e destrezas necesarias para o desempeño do posto.

No momento de celebración da entrevista, a documentación presentada a través de correo electrónico será cotexada cos respectivos orixinais. Non presentalos sería motivo de non acreditación e, polo tanto, podería supor motivo de decaemento do proceso selectivo. Particularmente, as persoas candidatas han de ir provistos do DNI ou documento substitutivo.

Esta fase, que con carácter xeral non será eliminatoria, valorarase de 0 ata 5 puntos.

As Puntuacións da fase de entrevista publicarase no taboleiro e web.

- c. **Fase 2 Avaliación obxectiva:** o órgano de selección avaliará as circunstancias persoais e profesionais das persoas candidatas. De non aportar documentación non será valorado o apartado correspondente.

Esta fase valorarase de 0 ata 10 puntos, empregándose os seguintes baremos.

GANDEIRO/A:

- i. Outra titulación académica (Titulación académica distinta á mínima esixida, sempre que estea relacionada coas funcións a desenvolver): Ata 2 puntos
- ii. Formación complementaria: Ata 2,00 puntos
  1. Formación relacionada co posto: ata 1,5 puntos. Cursos de 20 a 49 h (0,10); Cursos de 50 a 199 h (0,20); Cursos de 200 a 599 h (0,30); Cursos a partir de 600 h (0,50)
  2. Formación en prevención de riscos (só se valorará o superior alegado): ata 0,5 puntos
- iii. Experiencia no trato con gando caprino: Ata 6,00 puntos

Da sesión de avaliación obxectiva realizada estenderase a correspondente acta na que figurarán as Puntuacións provisionais da fase de avaliación obxectiva outorgadas segundo o baremo recollido anteriormente.

Exporanse as Puntuacións provisionais da fase de avaliación obxectiva en páxina web <https://barbanzaecosocial.org/contratacion/>. Nesta relación figurará o día que se concede para formular alegacións á valoración segundo o baremo e data de exposición da Puntuación definitiva da fase de avaliación obxectiva.

# Laboratorio Ecosocial do Barbanza

## d. Valoración final

- Finalizadas as referidas actividades selectivas, o órgano de selección, na correspondente sesión, procederá á cualificación final das persoas candidatas tendo en conta que a puntuación máxima será de 15 puntos e virá dada pola suma dos puntos acadados en cada fase.
- A cualificación será de: seleccionado, non seleccionado e non presentado.
- Da sesión estenderase a correspondente acta de selección.
- A Lista das persoas candidatas admitidas e excluídas para participar como persoal do proxecto exporase en <https://barbanzaecosocial.org/contratacion/> o día 26 de marzo de 2024.

## e. Criterios para dirimir empates

Os criterios para dirimir os empates son os seguintes:

- a. que acade unha maior puntuación na Fase 1 Entrevista persoal;
- b. que acade unha maior puntuación no apartado de experiencia profesional;
- c. que acade unha maior puntuación no apartado de outra titulación académica.

## f. Contratación do persoal do proxecto

- A Plataforma pola Defensa do Monte formalizará os contratos co persoal que fose seleccionado e figure como tal nas actas da Comisión de selección.
- No momento da sinatura dos contratos o persoal deberá asinar a Folla de aceptación da praza.

## g. Protección de datos de carácter persoal

- Mediante a participación no referido proceso, os titulares consenten o tratamento dos seus datos persoais coa finalidade de levar a cabo a selección, o rexistro de solicitudes de candidatos, a cualificación de probas e avaliación, así como a provisión de postos.
- Os participantes prestan o seu consentimento para que os seus datos persoais sexan comunicados mediante a súa exposición na carteleira e web da entidade aos efectos de dar a publicidade esixida ao procedemento de contratación.

# Laboratorio Ecosocial do Barbanza

## 3. Sistema de selección de participantes

- a. Constitución: O órgano de selección estará constituído por catro persoas integrantes da Plataforma pola Defensa do Monte: Presidente e tres membros con experiencia nas tarefas que desenvolverá o persoal contratado;
- b. Funcionamento: nas sesións deliberatorias e nas entrevistas a candidatos/as sempre estarán presentes os membros do órgano de selección, como mínimo dos.

Os acordos serán adoitados pola maioría dos asistentes con voz e voto, dirimindo posibles empates o voto de calidade do presidente ou, en caso de que non atoparse este, do membro do órgano de selección con máis experiencia nas labores a desenvolver no posto de traballo a cubrir.

Levantarase acta das sesións realizadas, que serán incorporadas á documentación do proxecto requirida e, de ser preciso, publicaranse tendo en conta sempre a Lei de Protección de datos.

En todo caso o órgano de selección rexeráse polas presentes bases, podendo tomar os acordos precisos para o bo orde das probas selectivas en todo o non previsto nas bases. Tamén poderán solicitar documentación complementaria da persoas solicitantes se así fose preciso durante o proceso de selección.

O órgano de selección será o responsable de resolver as reclamacións presentadas ou as dúbidas que se poidan suscitar durante o procedemento selectivo.

## Anexo II — Solicitud para cubrir posto de gandeiro/a

A presentar xunto co resto da documentación

### 1. Datos persoais

Nome e apelidos

Data de nacemento

DNI

Móbil

Outro teléfono

Correo electrónico

Enderezo postal (Rúa, N°, Piso, Concello, CP)

### 2. Requisitos mínimos

Titulación requirida: Ningunha

Indica a documentación presentada (se procede):

Experiencia relacionada co posto: Experiencia no trato con gando caprino

Indica a documentación presentada (se procede):

### 3. Méritos presentados para a súa valoración (ver Anexo I)

Outra titulación académica (relacionada coas funcións a desenvolver):

# Laboratorio Ecosocial do Barbanza

**Formación complementaria** (no caso de necesidade usa folla adicional):

Formación relacionada co posto:

Nº	Ano	Nome do curso	Entidade imparte	Nº horas
1				
2				
3				
4				

Formación en prevención de riscos (só o de maior valoración):

Nº	Ano	Nome do curso	Entidade imparte	Nº horas
1				

**Experiencia** (no caso de necesidade usa folla adicional):

Experiencia en EO/CO/OE na especialidade:

Nº	Contratador	Función	Período	Meses
1				
2				
3				
4				

---

O/a solicitante **MANIFESTA** que reúne os requisitos para o presentarse ao posto de **GANDEIRO/RA** no proxecto Laboratorio Ecosocial do Barbanza, así como o seu interese en participar no proceso selectivo. Presenta a seguinte documentación (márquese o que proceda):

- Copia do DNI actualizado
- Copia da titulación esixida para cada posto e da acreditación dos requisitos mínimos
- Copia da xustificación documental dos méritos alegados na solicitude
- Vida laboral actualizada.

A documentación presentada ha de ir numerada secuencialmente. Indicar o nº de páxinas: \_\_\_\_

Declara baixo a súa **RESPONSABILIDADE** que son certos os datos proporcionados na presente solicitude, que coñece e acepta as bases da convocatoria que regula a presente convocatoria e que non padece enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo.



# Laboratorio Ecosocial do Barbanza

Asemade, autoriza ao tratamento dos seus datos de carácter persoal segundo o estipulado nestas bases, podendo exercer o dereito de oposición a través do correo. Asemade, autoriza ao tratamento dos seus datos de carácter persoal segundo o estipulado nestas bases, podendo exercer o dereito de oposición a través do correo [info@barbanzaecosocial.org](mailto:info@barbanzaecosocial.org)

Á Entidade Plataforma pola Defensa do Monte  
\_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de marzo de 2024

Sinatura da persoa solicitante